

# OBRADOIRO BRICOLÓXICA-BRICOMATES

ASAC ASOCIACIÓN DE ALTAS CAPACIDADES DE GALICIA



**MONITORA:** Noa Carrera Afonso (Licenciada en Administración e Dirección de Empresas con Máster en Profesorado, especialidade en Ciencias Experimentais)


## **OBXECTIVO XERAL:**

A principal característica que identifica este obradoiro é a conxugación das matemáticas coas manualidades. Polo que o obxectivo principal é que mediante o desenvolvemento de actividades plásticas, dun xeito moi intuitivo, aprendan novos **conceptos matemáticos**, ou ben, apliquen certos **razoamentos lóxicos** precisos para a súa elaboración, complementando coa súa imaxinación e **creatividade** os aspectos mais decorativos da actividade proposta. Ademais, esta actividade precisa dun alto nivel de **atención** e **concentración**, polo que se fomentan estas capacidades nas nenas e nenos, así como se mellora a **tolerancia á frustración** ó precisar de certa paciencia para chegar a resolver a tarefa.

## **EXEMPLOS DE ACTIVIDADES:**

As actividades están relacionadas coa elaboración de obxectos que permitan traballar aspectos matemáticos interesantes, que poden abrollar durante o propio proceso ou na xeometría do obxecto final. En xeral, os materiais empregados para a súa elaboración son sinxelos de manipular, como folios de cores, pinturas, tesoiras...

*¿Sabes que é o Tangram?*




Podemos falar de dous tipos de actividades, por unha banda aquelas que son un enredo, un *pasatempo* en si mesmas e, por outra banda, aquelas coas que conseguimos *elementos decorativos*.

Neste curso, introducín no grupo dos máis pequenos a técnica de origami (*papiroflexia*), considerándoa unha actividade complementaria ao traballado neste obradoiro. Os rapaces e rapazas gozaron moitísimo dela!



Unha das actividades que máis lle gustou ao grupo *Marticulicianos* foi a elaboración dunha cadeneta con paxaros usando a papiroflexia. Durante o desenvolvemento desta actividade puidemos observar como a partir dun anaco de papel cadrado, dobrándoo atendendo á combinación de diferentes figuras xeométricas conseguimos unha figura tridimensional ben bonita!

No caso do grupo *Phoenicis*, unha actividade coa que se implicaron especialmente foi a elaboración de dúas estrelas de 5 puntas dun xeito moi técnico, a partir dun pentágono. Neste caso tivemos que empregar regra e compás, sendo necesario un alto nivel de precisión e atención para a súa elaboración. Unha vez feita a estrela deixaron voar a súa imaxinación, e empregando purpurina e pinturas déronlle o seu toque persoal e creativo.



## **ENLACES E/OU RECURSOS DE INTERESE:**

As seguintes publicacións poden servirte de entretemento:

- *Curiosidades matemáticas*, Manuel Flores. Alianza Editorial.
- *El ahorcamiento inesperado y otros entretenimientos matemáticos*, Martin Gardner. Alianza Editorial.
- *Fácil, menos fácil y difícil*. Mariano Mataix. Marcombo Boixerau editores.
- *Juegos de lógica y matemáticas*. Franco Agostini. Pirámide.

Nesta páxina atoparás unha serie de divertidos xogos on-line que permiten exercitar distintas capacidades mentais

<http://www.psicoadactiva.com/juegos.htm>

No seguinte enlace podes atopar diferentes recursos educativos na área de matemáticas tales como vídeos demostrativos, software educativo, etc.

<http://educaguia.com/>

Aínda que está en catalán, a páxina do Centro de Recursos para Ensinar e Aprender Matemáticas (CREAMAT) do Departamento de educación da *Generalitat de Catalunya* ofrece multitude de propostas interesantísimas para exercitar a lóxica matemática

<http://phobos.xtec.cat/creamat/joomla>